

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

XANEIRO FEBREIRO
MARZO 2026

Nº 68

ABRACADA BRA

BRINDAMOS?

PASATEMPOS

RECEITA

QUE HAI DE NOVO...



Deputación
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

BIBLIOTECA INFANTIL E

Brindamos?

Polos días pasados e polos que virán, polas amizades verdadeiras, por... non sei!... Só me faltaba dicir por todos os meus compañeiros e compañeiras e por min... Ai!! Ola!!! Non vos vía. Non vos burledes, e se alguén o estaba a pensar, non, non estou a xogar ás agachadas. Cántovos... Estou a practicar brindes. Nunca sabes cando vas necesitar facer un e non quero que me pase como ao meu irmán en Fin de Ano. Que a ver, non vou negar que foi unha risa, pero se me pasase a min igual non me facía tanta graza. Así que brindo por ser elocuente, ocorrente, con agudo enxeño e alma da festa en cada ocasión que levante a miña copa para brindar. Si. Vale. Soa ridículo. Xa o sei. Pero ten que ser así, non?



Aínda que pensándoo ben non tería por que... Para estar seguros habería que ir ata a orixe mesma do brinde... aínda que é certo, segundo as miñas pesquisas, que hai moitas versións e cada unha coas súas peculiaridades. Veña, cántovos as que máis me gustaron:

Por unha banda, remontándonos o máximo que poderíamos ir cara atrás no tempo, está a lenda de Dioniso, o deus grego do viño. Cántase que convidou, a unha celebración, aos deuses do Olimpo e aos cinco sentidos. O oído non podía gozar do viño así que Dioniso propuxo chocar as copas sempre que se fose a beber viño, a modo de ritual que perdurase ao longo da historia. Non se lle daba mal o márketing a Dioniso, non vos parece?



Segundo a mesma liña das celebracións, tamén existe a teoría de que os asistentes aos banquetes das antigas Grecia e Roma, cando quedaban sen bebida nas súas copas, estes levantábanas e facíanas chocar con outros invitados para que os serventes viñesen rápidos e veloces a encherllas. Supoño que non era mal sistema...



Desta mesma época e localización, temos unha teoría... digamos máis perspicaz... E, é que na antiga Roma, envelenar os inimigos estaba á orde do día, así que o feito de chocar as copas cheas de viño era unha garantía de que nelas non había veneno. No brinde sempre se derramaba algo de líquido dunhas copas noutras, así que ou non había veneno ou morrían todos. Drástico pero efectivo.

Para terminar, toca trasladarse á época viquinga. Para eles, un brinde ou “Skål” era unha invitación para beber dun recipiente común ou a beber todos xuntos, como símbolo de confianza, respecto e conexión de grupo. Unha forma de compartir as alegrías, as tristezas, ... en definitiva a vida mesma como grupo.

En fin, sexa por unha cousa ou por outra, o feito é que o brinde é unha práctica habitual nas nosas celebracións e que ten todo un ritual asociado. Así, por exemplo, en Xeorxia é obrigatorio contar unha historia para homenaxear ao anfitrión, e mesmo se compite por cal é a mellor. Noutras tradicións dise que hai que brindar con bebidas con alcol, se non trae mala sorte, que tras o brinde hai que beber da copa, e que cando brindas con alguén has de mirarlle aos ollos. Sóavos? Seguro que si.



Ah! Por certo, antes de que me esqueza. Se ides a Hungría que non se vos ocorra brindar con cervexa. Considérase unha ofensa. De feito, entre 1848 e 1998 estivo prohibido brindar xa que lembraba as celebracións dos austríacos que bebían cervexa e brindaban cada vez que executaban a un húngaro. Así que moito coidado con onde brindades e con que...

Agora, a seguir gozando da vida e... Brindo por vérmonos no próximo número!!!





PASATEMPOS



Aquí vos deixamos os chistes que nos fostes contando esta tempada:

¡Mamá, mamá, he sacado un 10!
- ¡Qué bien! ¿En qué asignatura?
- En varias. Un 3 en Matemáticas, un 2 en Lengua,
un 3 en Inglés y un 2 en Historia.

- ¿Qué le dice una taza a otra?
¿Qué taza ciendo?



- ¿Cuál es el animal más tonto de la selva?
El oso polar.

- ¿Cuál es el país que primero te llama y luego te asusta?
EE.UU.

Jaimito, dime una palabra que tenga 5 íes.
- Profe, eso es difícilísimo.
- Muy bien Jaimito.

- ¡Capitán, capitán! Están a punto de atacarnos 40 carabelas.
- ¿Una flota?!
- No, flotan todas.



E, agora, seredes quen de atopar as 7 diferencias neste brindé tan festivo?



E, para rematar, propoñémosvos que descifredes unha frase do mestre Yoda (isto non o agardabades, non si?)

1-A ; 2-B ; 3-C ; 4-D ; 5-E ; 6-F ; 7-G ; 8-H ; 9-I ; 10-J ; 11-K ; 12-L ; 13-M ; 14-N ; 15-Ñ ; 16-O ; 17-P ; 18-Q ; 19-R ; 20-S ; 21-T ; 22-U ; 23-V ; 24-W ; 25-X ; 26-Y ; 27-Z

8	1	27	12	16		16		14	16		12	16	
8	1	7	1	20		N	16		8	1	26		
18	22	5		9	14	21	5	14	21	1	19	12	16





RECEITA



Falando de copas e brindes que mellor que facelo despois dunha boa sobremesa.

Que vos parece esta copa de chocolate á vienesa? Ten boa pinta, non si? Ademais de rica é moi doada e rápida.

Necesitas

- . 1 cazo
- . 1 batedor manual
- . 4 cuncas

Ingredientes para 4 p

- . 12 culleradas de chocolate en po
- . 1 litro de leite
- . 250 g de tona semi-montada



1. Primeiro ferve o leite e mestúrao co chocolate sen deixar de remexer co batedor.
2. Unha vez espeso, bótalo nunha cunca até a metade e cobre o resto da cunca coa tona semi-montada.



E, para os amantes do chocolate recomendámosvos "Chocolates: divertidos, fáciles, creativos" onde atoparás esta receita. Dispoñible na biblioteca Xuvenil. Sinatura: 641.5 COC / a



Bo apetito e "chin chin"!!!



Que hai de novo...?

Solucións dos pasatempos



H	a	z	i	o		O		n	o		i	o	
h	a	g	a	s		N	o		h	a	y		
q	u	e		i	n	t	e	n	t	a	r	i	o

* **RECUNCHOS NA BIBLIOTECA** con libros, DVD e materiais adicionais de diferentes temáticas nos que sempre atoparás algunha sorpresa.

* **PRÉSTAMO DIXITAL.** Se tamén che gusta ler en dixital, agora todos os usuarios a partir de 9 anos podedes darvos de alta na biblioteca dixital EbiblioDaCoruna. É moi sinxelo, consulta na páxina web www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info

* **BOLETÍNS DE NOVIDADES.** Se che interesa estar ao día coas novidades que nos chegan á biblioteca, podes consultar as novidades, mes a mes, na páxina web.

* **RESERVAS E RENOVACIÓNS.** Podedes facelas na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

* Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABACADABRA.** Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal e publicarémolas no próximo número da revista..

* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:



Biblioteca Provincial
da Deputación da Coruña
Sección Infantil e Xuvenil
R/Riego de Agua, 37 – 15001 A Coruña
Tfno: 981 415 171

Depósito Legal: C 4802-2008